



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

A Sionlla de abaixo. En festa

15884 Santiago de Compostela

Teléfono 881 866975 e Fax 881 866979

Correo electrónico: ceip.casas.novoa@edu.xunta.es

Web: <http://centros.edu.xunta.es/ceiparquitectocasasnovoa>

CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA

Estimadas familias:

Inauguramos o novo curso escolar 2020-2021 nunhas circunstancias difíciles e especiais para todos.

Pregamos estedes atentos á páxina web do centro e á plataforma Abalarmóbil, medios que empregaremos para tervos informados.

Segundo a Resolución do 1 de setembro da Dirección Xeral de Educación, as clases comenzarán de forma gradual os días 10 e 11 de setembro

O **xoves 10** empezan 3º EI, 4º EI, 1ºEP, 2ºEP e 3ºEP

O **venres 11** empezan 6ºEI, 4ºEP, 5ºEP e 6ºEP

HORARIO

Ante a imposibilidade de asumir o horario previsto para o mes de setembro (con clase de 9:30h a 14:00h e comedor, de 14:00h a 15:00) e polos seguintes motivos:

- Seguindo protocolo COVID-19 ten que haber dúas quendas de comedor o que fai que unha hora non sexa suficiente.
- Faltan colaboradores (só hai 4) no comedor, cando serían necesarios un mínimo de 9.
- Neste momento, o comedor non ten cociñeira.

Establécese de maneira excepcional para este mes de setembro, o seguinte horario:

De 9:45h a 14:45

Polo tanto, non habería servizo de comedor. Confíase que ao longo deste mes se concrete o horario a partir de outubro.

Segundo as Instrucións publicadas o 31 de agosto no que se recollen medidas preventivas, colectivas e individuais que deben adoptarse co obxectivo de protexer e previr o risco de contaxio por COVID-19, elaborouse un Protocolo de adaptación á situación COVID-19, que será de aplicación no centro no curso 2020-2021. Procédese a súa publicación na páxina web do centro.

Mentres tanto, adiantámosvos algúns aspectos importantes a considerar neste curso:

NIVEL SANITARIO

- Cada grupo clase do centro queda constituído como Grupo de Convivencia Estable.
- É obrigatorio o uso da máscara que formará parte dun kit COVID no que tamén se inclúe unha máscara de reposto, panos de papel e xel hidroalcohólico.
- Prégase non enviar @s nen@s con febre, ou con síntomas con medicamentos que os enmascaren.

NIVEL ACADÉMICO ORGANIZATIVO

- Como norma xeral, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo. En EI, o alumnado poderá chegar ao centro cun familiar.
- As titorías faranse preferiblemente de maneira telefónica, previa cita.
- Cada grupo de Convivencia Estable vai ter asignado un espazo exclusivo nos recreos e no comedor.
- A entrega dos lotes de libros do Fondo solidario farase nos primeiros días de clase.

NOTA

Está convocada unha folga de profesorado para o día 10 de setembro, descoñecemos a repercusión que vai ter na xornada lectiva dese día.

Atentamente,

O Equipo directivo / Equipo COVID-19